




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Sanxenxo. Parroquias: Santo Estevo de Noalla. Extensión: 0,44km2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa acantilada con escarpe basal potente en tramos próximo á verticalidade (formado por afloramentos rochosos e/ou depósitos) e nivel superior aplanado que puntualmente presenta unha suave inclinación. O perfil costeiro é irregular con entrantes e saíntes resultado da intensa erosión diferencial do substrato metamórfico. Os sectores sedimentarios son pouco significativos e limítanse a minúsculas calas de cantos, bloques e area ao pé dos cantís. Inclúe o EIX Plataformas costeiras de Aios.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A composición litolóxica da unidade é simple, xa que nela están representadas tan só as rocas silicatadas e paraanfíbolitas propias do Complexo Cabo Home – A Lanzada. Trátase de materiais metamórficos con orixe no Precámbrico-Silúrico.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Costa acantilada de ambiente climático Cálido e Húmido: temperatura media anual por encima de 15°C e precipitacións acumuladas entre 1200mm e 1400mm anuais. A variación térmica ao longo do ano se sitúa entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

Os materiais xistosos do substrato rochoso permiten a formación de chans tipo cambisol eútrico na maior parte da unidade así como áreas nos que predominan os procesos de gleificación que dan lugar a gleysois. Na parede acantilada tan só chéganse a formar regosois e leptosois líticos.


AS AUGAS

O escaso desenvolvemento litoral desta unidade e a súa morfoloxía acantilada limitan a rede hidrográfica a unha serie de pequenas valgadas que verten ao mar de Punta Faxida (20153).

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade incluída no IBA Contorna mariña das Rías Baixas e practicamente toda ela atópase no LIC Complexo Ons-O Grove, exceptuando o extremo oriental. Unidade de cantís de certa potencia na que aparecen como hábitats máis importantes o 1230, cantís mariños atlánticos e praias de seixos, ademais do 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados, na parte alta de praias acaroadas a cantís, nas praias de cantos e na parte alta das plataformas rochosas intermareais. A existencia dalgunhas covas nas paredes dos cantís inclúe o hábitat 8330, covas mariñas mergulladas e semisumerxidas. Sobre os cantís aparece unha matogueira en xeral bastante degradada pero con algúns sectores ecoloxicamente interesantes. Trátase do hábitat 4040, breixeiras secas costeiras atlánticas de Erica vagans e do 4030, breixeiras secas europeas.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na fachada costeira destacan os promontorios de Punta Faxida ao sur e Puntas Corveiro e Portomouro ao norte con predominio de matogueira costeira sobre os seus cantís. O interese turístico desta unidade vén dado pola súa localización próxima a extensas praias de arena fina, nesta unidade atópase a praia de Fontenla. A presenza de bancos areosos na próxima praia de Magor son aproveitados para a explotación marisqueira. Ademais do uso residencial das vivendas unifamiliares repartidas pola unidade destaca o uso hostaleiro e a existencia de cámpings na zona. A presenza de parcelas agrícolas é anecdótica, o arborado existente está formado principalmente por piñeiros marítimos.

MORFOLOXÍA

Non hai presenza de núcleos rurais. As vivendas atópanse repartidas en asentamentos espontáneos de forma dispersa, a maior concentración prodúcese no cantil de Corveiro. A diversidade tipolóxica das edificacións existentes na fachada costeira non responde ao modelo tradicional tratándose de vivendas unifamiliares de uso residencial.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada PO-308 percorre a franxa litoral e actúa como eixo principal da comarca soportando o tránsito dos vehículos en tempada estival e da actividade económica da comarca. A rede secundaria a constitúen dúas pistas asfaltadas que dan acceso aos asentamentos da unidade. Abundantes camiños de terra percorren os promontorios costeiros e o interior da unidade.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Non hai presenza de patrimonio cultural e arqueolóxico na unidade.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Os acantilados costeiros son o sinal de identidade da paisaxe. A ausencia de núcleos tradicionais mostra unha orientación cara ás actividades turísticas e o uso residencial. O maior contrapunto paisaxístico incorpóranse as edificacións sobre o cantil de Punta Corveira e a instalación hostaleira na praia de Fontenla

DINÁMICA DA PAISAXE

Mantense certa estabilidade na dinámica da paisaxe cantil, xa que non sufriu alteracións graves, exceptuando as Puntas de Corveiro e Portomouro onde a introdución de modelos de ocupación do territorio respondendo a outro tipo de necesidades supón a perda do carácter desta paraxe natural e da ruralidade que confería o escaso armazón agrícola. A rede de camiños rurais existente variou pola mellora da rede viaria, necesaria para dar acceso aos asentamentos espontáneos. O descenso xeneralizado da actividade agrícola provocou a ocupación de superficie arborada anteriormente inexistente.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Estes cantís preséntanse con forza ofrecendo primeiros planos. As visuais dende a cabeza de calquera dos saíntes rochosos ofrece fermosas panorámicas das illas atlánticas, a península do Grove e da marxe oposta da ría de Pontevedra. El potencial ecolóxico da unidade vén dado polo alto valor intrínseco que confiren os cantís nesta marxe da ría de Pontevedra. A súa pertenza aos Espazos de Interese Xeomorfolóxico das Plataformas Costeiras de Aios e a inclusión da unidade no IBA Contorna mariña das Rías Baixas e practicamente toda ela atópase no LIC Complexo Ons-O Grove, exceptuando o extremo oriental. A presenza dalgunhas covas nas paredes dos cantís, covas mariñas mergulladas e semisumexidas dan un valor engadido ao valor natural da unidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS














A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



